



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL RIBEIRA

Alleamento mediante poxa de bens patrimoniais

ALLEAMENTO MEDIANTE POXA DE BENS PATRIMONIAIS (RELACIÓN DE ROCHOS E PRAZAS DE GARAXE) DO CONCELLO DE RIBEIRA

TEXTO

De conformidade coa Resolución de Alcaldía nº 202501/111 de data 14/01/2025, por medio do presente anuncio efectúase convocatoria do **alleamento mediante poxa dos bens patrimoniais-relación de rochos e prazas de garaxe**, conforme aos seguintes datos:

1. Obxecto da poxa: Prazas de garaxe e rochos que se relacionan no **Anexo III do PREGO DE CONDICIÓNS**.

2. O prazo para a presentación de ofertas será de 45 días naturais a contar desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no Perfil do Contratante do concello.

Modalidade de presentación:

1. De forma telemática: a través do portal de contratación da Xunta de Galicia na dirección web: <http://www.conselleiriadefacenda.es/silex>

As persoas xurídicas e demais entes sinalados no artigo 14.2 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas como obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración, deberán utilizar este método exclusivamente.

2. No Rexistro Municipal de Entrada do concello sito na seguinte dirección, xa sexa de forma presencial ou por correo (unicamente para persoas físicas non obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración):

Concello de Ribeira

Praza dous Mariñeiros S/n

15960 – Ribeira (A Coruña)

3. Procedemento de adxudicación: poxa pública, de acordo co disposto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP) e no Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei 33/2003 mediante presentación de proposición económica en sobre pechado, adxudicándose cada unha dos bens ao mellor ofertante.

4. O tipo da poxa: mellorable á alza (ven determinado de conformidade coa valoración pericial no anexo III do prego de condicións). No prezo tipo non está incluído o IVE, o imposto sobre Transmisións Patrimoniais nin demais tributos nin gastos que eventualmente poidan devindicar dita compravenda.

5. O prego de condicións atópase a disposición das persoas interesadas no Perfil de Contratante do Concello e na sede electrónica do Concello [<https://www.ribeira.gal>].

Ribeira, 14 de xaneiro de 2025

O alcalde,

Luís Antonio Pérez Barral.

2025/209